

25N DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Propostas Didácticas
25N 2024



ÍNDICE

01

Manifiesto 25-N: “Non é un caso illado, é o patriarcado”

05

Xustificación

06

Obxectivos

07

Actividades de 0 a 3 anos.

08

Actividades 3 a 6 anos.

08

Actividades 6 a 9 anos.

09

Actividades 9 a 12 anos.

10

Actividades 12 a 15 anos.

12

Actividades 15 a 18 anos.

14

Actividades para persoas adultas.

MANIFESTO

NON É UN CASO ILLADO, É O PATRIARCADO

O alto comisado da ONU para os Dereitos Humanos, Volker Türk, alertou sobre o forte retroceso en igualdade de xénero que se está observando nos últimos anos e que en moitos lugares a misoxinia está case normalizada, sexa por medios dixitais ou non.

Partindo desta premisa xa podemos situarnos nos poucos avances que se chegaron a facer nos últimos tempos na Unión Europea e no resto do mundo en materia de igualdade e, por tanto, en violencia machista.

Culpabilidade, vergoña... Non volvas soa a casa, non vistas así, coidado con que bebes, non bailes provocando...se che pegou el, merécelo; non es boa nai; falas con todos ; es unha candonga... **SERÁS MIÑA OU DE NINGUÉN MÁIS, VOU QUITARCHE O QUE MÁIS QUERES...SE LLO CONTAS A ALGUÉN,MÁTOTE!!!!**

A avogacía española, CGAE, alerta do incumprimento do Pacto contra a Violencia de Xénero. Reclaman que se garanta a asistencia das vítimas desde antes de que se interpoña a primeira denuncia, así como que a Policía e a Garda Civil teñan a obriga de atender a calquera vítima de violencia machista. Ao mesmo tempo, os Corpos de Seguridade do Estado piden reforzos e máis persoal para poder chegar a todos estes casos con efectividade e a tempo.

O 98% das mulleres sufriron algunha vez acoso na rúa. O 25% convive con iso a diario. Consecuencias: cambios de rutinas, ansiedade e medo. (fonte: Universidade de Córdoba)

A finais do pasado mes de setembro 99.644 casos eran obxecto de seguimento policial por violencia de xénero, 19,325 máis que o ano anterior na mesma data. É evidente que a maternidade é un factor de risco, máis da metade dos casos con protección policial no Estado español corresponden a vítimas con fillas e fillos menores de idade ao seu cargo, 52.123, 10.686 máis que o ano anterior.

Segundo o Sistema de Seguimento Integral dos casos de Violencia de Xénero (VIOGÉN), o número de casos activos o 31 de xullo de 2024 eran 95.203, o que supón un aumento do 18,8% con respecto a xullo de 2023. En canto ás mulleres con protección oficial, en xullo de 2024 era de 57.923, o que supón un incremento do 19,4% con respecto a xullo de 2023. A maior porcentaxe de casos activos atópanse entre mulleres de 31 e 45 anos de idade. Sen esquecermos das nosas maiores, case unha cuarta parte das que superan os 65 anos sofren violencia machista habitualmente no ámbito familiar.

Este panorama desolador continuará, se a “apatía” e o “negacionismo” diante da violencia machista por parte da sociedade e da clase política non cambia cara a un compromiso real para erradicar esta consecuencia do patriarcado. A Lei do “só si é si” recolle, desde hai tres anos, que debe haber 52 centros de atención ás vítimas de violencia sexual as 24 horas, en todo o Estado español. A UE outorgou 20 millóns de euros para este asunto que se repartiron entre todos os territorios do Estado español. A día de hoxe unicamente hai 10 e algúns aínda en proceso de funcionamento. VERGOÑA que a ministra de igualdade, Ana Redondo, non estea a presionar estes territorios para que cumpran as súas obrigas e creen estes centros, pedindo unha prórroga á UE. Non falta moito para o 31 de decembro de 2024, a gran dúbida é se é eses 54 centros estarán xa en activo... Non son necesarios, son imprescindibles para que as mulleres sintan seguras e sen medo a denunciar calquera tipo de violencia machista. Se os e as políticas non lle dan a suficiente importancia, como queda claro, ás agresións machistas que as mulleres sofren no seu día a día, teremos que ser nós as que o digamos claro e alto esixindo que se cumpra a lei e se melloren os protocolos de actuación diante das violencias machistas porque é evidente que están a fallar.

A sociedade debe concienciarse de que existen diversos tipos de violencias machistas: física, psicolóxica, sexual, patrimonial, social e vicaria. Todas podemos sufrilas en calquera momento e, sen axuda legal nin a atención de especialistas formados/as nestas violencias, será difícil que se denuncien.

"NON SÓ DOEN OS GOLPES"(novela e peza teatral de Pamela Palenciano a partir da súa experiencia persoal)

Algúns exemplos da vixencia do problema social da violencia machista para abordar nas aulas:

Caso Pélicot: submisión química, 10 anos de violacións e 50 homes. O seu gran valor diante de tanto sufrimento non ten precedentes ao levar o proceso xudicial focalizado neles, a vergoña cambiou de bando.

Mulleres afgás: silencio, submisión, indiferenza...

Carmen Giménez: campioa española de atletismo que sufriu unha lesión medular tras unha agresión machista.

Rebecca Cheptegi: atleta olímpica queimada pola súa parella... Asasinada.

Mulleres con diversidade física ou intelectual: case o 80% presentan un risco catro veces maior que o resto de mulleres de sufrir violencia sexual.

Impunidade para pederastas e corruptos en Murcia por parte da "non xusticia".

Mulleres e nenas en países en conflitos bélicos que sofren sistematicamente violencia sexual e matrimonio infantil.

Violencia Vicaria, dez menores asasinados por violencia vicaria este 2024 no Estado español, a peor cifra desde que hai rexistros.

Mulleres maiores de 65 anos que sofren violencia machista por parte da súa parella durante décadas e non denuncian por mor dunha educación que as levou á resignación.

Muller, Vida, Liberdade: revolución das mulleres iranianas que aturan agresións con total impunidade.

Mulleres que viven en medios rurais, tardan unha media de 20 anos en denunciar ao seu agresor por estereotipos tradicionais máis arraigados.

Feminicidios e asasinadas no Estado español ao 4 de novembro, 81: Irene, Ana, Rocío, Cándida, Andrea, Thais... E un longo etcétera... Con nomes de mulleres.

TODOS ESTES CASOS SON ASINADOS E EXECUTADOS POLA GRANDE ENFERMIDADE DO PATRIARCADO, O MACHISMO.

Asemblea de Mulleres STEG



Hoxe 25 de novembro, outro ano máis a Asemblea de Mulleres do STEG e a Organización de Mujeres da Confederación Intersindical denunciámos:

Que a sociedade camiña cara a un retroceso en cuestións de igualdade e cara a un aumento en cuestións de machismo... Que a clase política ve esta cuestión como unha ferramenta electoral entre uns e outros partidos... Que as institucións internacionais falan de intencións que non poñen en práctica... E a nosas e os nosos mozos do futuro dicirlles que teñen a chave para non volver telo que dicir: **NON É UN CASO ILLADO, É O PATRIARCADO.**

O 016 atende a todas as vítimas de violencia machista as 24 horas do día e en 53 idiomas diferentes, do mesmo xeito que o correo:

016-online@igualdad.gob.es; tamén se presta atención mediante WhatsApp a través do número 600000016, e as/os menores poden dirixirse ao teléfono da Fundación ANAR 900 20 20 10. Nunha situación de emerxencia, pódese chamar ao 112 ou aos teléfonos da Policía Nacional (091) e da Garda Civil (062). E en caso de non poder chamar pódese recorrer á aplicación ALERTCOPS, dende a que se envía un sinal de alerta á Policía con xeolocalización.

Organización de Mujeres da Confederación Intersindical
Asemblea de mulleres do STEG



XUSTIFICACIÓN

A Organización de Mujeres da Confederación Intersindical e a Asemblea de Mulleres do STEG, outro 25 de novembro máis, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as mulleres, fai un chamamento a todos os axentes da comunidade educativa invocando a transcendencia e magnitude que a educación supón para erradicar un dos maiores problemas estruturais da sociedades, en todas as partes do planeta: a violencia que se exerce cara as mulleres.

Esta violencia que se produce en todos os eidos da sociedade, de xeito explícito a través dos malos tratos, os feminicidios, a explotación e tráfico con fins sexuais, nos conflitos armados ou no acoso sexual; e de maneira simbólica a través dos medios de comunicación, a violencia xustificada polas tradicións culturais e relixiosas ou a violencia institucional tolerada e silenciada.

Con esta finalidade dirixímonos a vós, como profesionais da docencia, e ofrecémosvos esta nova achega a esta tarefa educativa mediante esta proposta didáctica con actividades para traballar na aula, estruturada para todos os niveis educativos dende infantil ata persoas adultas.

Con estes materiais pretendemos contribuír a configurar un currículo non sexista, onde se supere a histórica invisibilidade das mulleres onde se ensine e se aprenda a construír a igualdade entre mulleres e homes.

Aportamos materiais e estratexias que permitan detectar e combater situacións e condutas que conducen á violencia contra as mulleres, ao mesmo tempo que fomentar cambios cognitivos, emocionais e actitudinais que permitan construír unha convivencia entre todas as persoas rexida polos principios de xustiza social, equidade e igualdade.

Apostamos por unha formación de todas as persoas que traballan con mulleres vítimas de violencia machista, traballadoras sociais, poder xudicial, policía, porque é preciso que estas mulleres reciban o apoio que necesitan e deste xeito evitar situacións de desprotección.

OBXECTIVOS

- Educar en igualdade como instrumento para previr todo tipo de violencia cara ás mulleres, potenciando actitudes de respecto ao feminino.
- Definir, visibilizar e identificar todas as formas de violencia que se exercen sobre as nenas e as mulleres.
- Desenvolver un espírito crítico ante os costumes, as crenzas e as prácticas sociais lexitimadas pero que comportan violencia contra as mulleres.
- Dotar de estratexias que permitan detectar as actitudes violentas e os nescos sexistas cara ás mulleres nas contornas máis achegadas (familia, amizades, centros educativos).
- Reflexionar criticamente sobre todos aqueles mitos que minimizan o problema da violencia de xénero.
- Reflexionar sobre a desigualdade e disimetría entre sexos nos eidos social, laboral e económico como orixe da violencia de xénero.
- Coñecer os mecanismos e protocolos de actuación ante a violencia machista.
- Detectar a linguaxe sexista máis agresiva nos medios de comunicación, libros de texto, música, arte, etc., e desenvolver estratexias de modificación da mesma.
- Detectar a violencia simbólica que se exerce socialmente contra as mulleres e desenvolver unha actitude de rexeitamento fronte a ela.
- Reflexionar sobre as novas formas de violencia cara ás mulleres a través das redes sociais.
- Recoñecer a violencia de xénero como un problema social que nos afecta a todas e todos e desenvolver actitudes de loita activa contra esta.
- Adquirir unha imaxe axustada de cada quen co fin último de manter unha autoestima axeitada.
- Concienciar o alumnado para compartir e asumir responsabilidades, familiares e sociais, de xeito conxunto, evitando estereotipos sexistas.

ACTIVIDADES DIDÁCTICAS

ACTIVIDADES 0 A 3 ANOS

1. Actividade:

Na asemblea lemos o conto “Caritas divertidas” de Nicola Smee e tentamos que as nenas e nenos expresen coa cara as expresións que ven no conto. Ao finalizar pasamos diante de cada nena e neno co espello da última páxina tentando que poñan cara de ledicia mentres miran a súa cara. Tentaremos que identifiquen os diferentes sentimentos que mostran as súas caras e manteremos unha conversa na que tentaremos identificar os sentimentos das demais crianzas e comentaremos que podemos facer cando un amigo ou amiga está triste ou enfadada e cal é a mellor opción que temos: achegámonos, damos un abrazo, un bico sempre que a ela ou a el lle apeteza. Esta actividade pódese realizar con grupos de 1 ano ou de 2 adaptando a conversa ao nivel dos e das menores.

2. Actividade:

Para o grupo de 2 anos na asemblea contáse o conto “Por catro esquiniñas de nada” de Jérôme Ruillier e veremos o vídeo do conto: <https://youtu.be/AJeTDhUt0j4>. En varias sesións conversamos sobre os diferentes que somos e tamén das nosas semellanzas; dos nosos sentimentos e do que sentimos coas demais persoas e por último como nos tratamos e o importante que é o bo trato.

ACTIVIDADES 3 A 6 ANOS

1. Eu podo

Reunidas en asemblea lanzamos unha chuvia de ideas sobre accións que podemos realizar: Saltar, rir, bailar, falar, correr, cociñar, lavar, peitearse, estudar, falar, chorar, bicar, recoller os xoguetes, comer, ducharse, mentir, varrer. Repartíranse tarxetas que digan "Eu podo" entre as nenas e nenos. Cada quen levantará a tarxeta cando poida realizar a acción que se nomea.

ACTIVIDADES 6 A 9 ANOS

1. Construimos unha sociedade igualitaria e libre de violencia

Material: xogo da Jenga

Traballo en grupo. Colocámonos en círculo ao redor dunha mesa na que estarán as pezas do xogo da Jenga sen colocar. O alumnado vai saíndo en orde e á vez que vai dicindo unha situación respectuosa cara ás mulleres, vai colocando as pezas do xogo. Quedaranos unha construción sólida.

Comezaremos despois a realizar o xogo como é, ir quitando bloques á vez que van verbalizando situacións violentas que se poden dar cara ás mulleres e iremos comprobando como a estrutura se vai cambaleando ata que chega a caer.

Faremos despois a comparativa entre esa estrutura e a nosa sociedade. Sen respecto e con violencia cara ás mulleres e imposible construír unha sociedade igualitaria, xusta e respectuosa.

2. As liñas da vida

Materiais: papel en branco, lapis, cores, rotuladores, ceras, corda e pinzas de tender.

Traballo individual e posta en común. Nun papel en branco cada alumno/a traza a silueta da súa man e debuxa as liñas que temos na palma. En cada liña escribirá unha acción que axude a construír relacións de respecto, axuda, confianza... Despois recortarán a silueta e, antes de colgala nunha corda que atravesará a clase, irán explicando ao resto de compañeiros e compañeiras o que escribiron e por que.

ACTIVIDADES 9 A 12 ANOS

1. Actividade:

Preséntase o seguinte vídeo:

https://www.youtube.com/watch?v=b2OckQ_mbiQ

A partir do seu visionado establécese un diálogo co alumnado. Por que credes que os nenos non quixeron losquear á nena? Por que si que a acariñan, fanlle burla, pero néganse a darlle unha losqueada? Por que credes que hai mozos que pegan ás súas parellas? Pensades que cando a moza é a parella se pode abusar dela? Considéraa unha posesión e xa non unha persoa independente? Con estas e outras preguntas que vaian xurdindo farase nun papel continuo un decálogo de boas condutas nas relacións de parella.

2. Actividade:

A partir da definición de violencia machista: *Violencia Machista: a violencia dirixida contra a muller porque é muller. Inclúe actos que inflixen danos ou sufrimentos de índole física, mental ou sexual, ameazas de cometer eses actos, coacción e outras formas de privación da liberdade.* preséntase unha listaxe de actos que teñen os mozos cando están en parella e veremos se son correctas ou non. Faremos unha listaxe no encerado e sinalaremos con vermello as malas accións e con verde as boas:

- Saber o contrasinal do móbil da moza.
- Respectar as súas amizades (de mozas ou mozos)
- Deixarlle o seu espazo.
- Ler todas as súas mensaxes e analízalas.
- Preguntar constantemente con quen está a falar.
- Compartir actividades lúdicas en parella e en grupo.
- Valora á súa parella e alégrrase dos seus éxitos.
- Adoptar actitudes violentas cando non fai o que quere o mozo.

...

Con cada unha destas frases desenvolverase un pequeno debate.



ACTIVIDADES 12 A 15 ANOS

1. O traballo na casa:

TAREFA	NAI	PAI	EU	IRMÁ	IRMÁN	OUTRA

Obxectivos específicos:

- Recoñecer e valorar os coidados e o traballo doméstico non remunerados.
- Coñecer as funcións que o traballo doméstico desenvolve no conxunto da sociedade.
- Identificar e recoñecer as distintas tarefas domésticas e a súa execución en función do sexo.
- Responsabilizar ao alumnado na realización das tarefas domésticas.
- Espertar a visión crítica sobre a discriminación por razón de sexo (oral, escrita...)

Materiais: conexión a internet, computador.

Metodoloxía: División do alumnado en grupos mixtos. Cada grupo comenta ou discute a asignación de cada unha das tarefas, enche a táboa, xeran debate. Metodoloxía activa, participativa e dinámica, de forma individual e en pequenos grupos.

Proposta didáctica 1:

1. Dividir a clase en pequenos grupos mixtos. Investigar sobre a normativa Real Decreto-lei 16/2022, do 6 de setembro, para a mellora das condicións de traballo e de Seguridade Social das persoas traballadoras ao servizo do fogar.
2. Análise por grupos da infografía:
https://www.inclusion.gob.es/documents/20121/1650138/Guia_EmpleadasHogar.pdf/d29b48fd-e7f0-e407-8d80-7a926045dd99?t=1664955984984
3. A persoa titora, a partir desta información, dirixirá o debate cara aos seguintes temas, non só as tarefas do fogar, tamén no relativo aos coidados e á educación.

ACTIVIDADES 12 A 15 ANOS

Proposta didáctica 2:

1. Elaborar varias táboas clasificándoas, con tarefas específicas relacionadas coa limpeza, co coidado de nenos e nenas, coa comida, coa compra, reparacións e outros.
2. A partir destas táboas, relacionar cada actividade coa persoa que a realiza e asignar un número de horas de dedicación á semana.
3. Analizar os datos da táboa e facer un diagrama de barras representándoos (horas/persoa). Debater sobre o resultado. Está distribuído de forma igualitaria?
4. Posta en común. Guiar o debate cara aos estereotipos e o uso da linguaxe sexista: criada, gobernanta, serventa, interna...



ACTIVIDADES 15 A 18 ANOS

1. "Non é non"

O obxectivo desta actividade é analizar e coñecer a violencia sexual en ambientes de lecer, poñendo o foco no comportamento e accións dos agresores e non na adaptación da conduta das vítimas, condenándoas a un estado de alerta constante.

Para desenvolver a actividade visualizaremos o curto [Pornobrujas](#).

Despois por grupos analizaremos as seguintes frases:

- Que pasa? Está mal learse con alguén unha noite?
- Cando son malo, son moito mellor.
- Non aceptamos un non por resposta.
- Tivemos suficiente, grazas, querémonos ir.
- Estou a falarche (agarrándoa), un pouco de respecto.
- A poli non nos vai facer nin caso
- Eu quería-me quedar con eses cabróns, son imbécil.
- Se decidides denunciar vai ser duro, pero é o que hai que facer
- Seguro que se acaban librando
- Que pasa? Que teño que estar feita unha merda, traumatizada e marcada para sempre?
- Non tiña que ter subido no seu coche.

Tras o traballo en grupos abrírase o debate para o que podemos utilizar algunhas destas preguntas: Que leva alguén a converterse nun agresor?; Como reacciona cada unha das protagonistas?; Que é a cultura da violación?; Estás de festa e a moza coa que estás a ligar está a dicirche que non, debes insistir un pouco máis por se se está facendo a dura?; Se unha moza bebe moito ou se droga e sofre violencia sexual é a súa culpa por beber ou por drogarse?

ACTIVIDADES 15 A 18 ANOS

2. O Dobre Check

O obxectivo desta actividade é entender o control como unha forma de violencia de xénero, para introducir o tema visionamos a curta <https://youtu.be/XjCUrU-9eIU>

Dividimos o grupo por equipas non mixtas de tres persoas. A cada unha entregámoslle tres conversas de Instagram e deben continuar cada unha delas. O interesante é que cada grupo traballe como cre que segue a conversa e como acaba.

Ao terminar ponse en común e aquí debemos fixarnos se durante a historia e ao final o control en redes sociais está normalizado, se a moza accede á chantaxe do mozo, se o mozo segue insistindo ata conseguir o que quere, as súas estratexias para resolver o conflito, se existen diferenzas entre o que expoñen as mozas e o que expoñen os mozos.

Ao terminar a posta en común propónse un debate para o que podemos utilizar algunhas destas preguntas: É unha conversación común á vosa idade? Adoitan acabar como o reflectistes? Credes que por redes sociais se controla á parella? Ademais do control, que outros comportamentos se manifestan? Cando a túa parella é posesiva é porque te quere?

CONVERSA 1	CONVERSA 2	CONVERSA 3
Jaime: k fas wapa? Lucía: Espera agora non podo falar Jaime: xq? Lucía: Stou falando con Marta Jaime: Marta non está en línea Lucía: q dis?	Marco: tia q fas que non me contestas Ana: stou estudando Marco: pero si stas en línea Ana: acabo de entrar pra ver unha cosa Marco: se liches a miña mensaxe xq no contestas Ana: ía facelo agora	Juan: non dlcias q non podías falar? Juan: q fas conectada? Eva: foi un intre Juan: q mirabas? Eva: unha foto de Gloria Juan: si claro, fixo que estabas ligando con alguén

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

1. How to have sex

How to Have Sex é unha película dramática británica de 2023, dirixida por Molly Manning Walker. O drama céntrase nos mozos británicos que queren ter as súas primeiras experiencias sexuais durante unhas vacacións en Malia, Creta. Mia McKenna-Bruce e Lara Peake son as protagonistas. A obra estreouse no Festival de Cinema de Cannes en maio de 2023.

A película está dispoñible en diversas plataformas como filmin ou movistar.



- 1.- Ver a película
 - 2.- Cales credes que son os temas centrais?
 - 3.- Como tería que actuar Tara, a protagonista, perante a súa primeira experiencia sexual?
 - 4.- Como describirías a actitude de Badger?
 - 5.- En que actitudes das persoas protagonistas está presente o Patriarcado?
- Para orientar as túas respostas le este artigo moi interesante sobre a película:

https://www.elconfidencial.com/cultura/cine/2024-03-15/how-to-have-sex-molly-manning-walker_3848716/

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

2. Tradewife (Esposa tradicional)

O movemento "tradwife" (cuxa tradución é esposa tradicional) promove os roles de xénero que se lles impuxeron historicamente ás mulleres: non traballar e dedicarse ao coidado do fogar e a familia.



1.- Para introducir o tema lede este artigo:

https://www.ondacero.es/noticias/sociedad/que-movimiento-tradwife-que-habla-videos-influencer-roro_20240723669fd5df46f972000149f5a2.html

2.- E visionar estes vídeos:

<https://www.tiktok.com/@abc.es/video/7393394959816183073>

<https://youtube.com/shorts/tf0dKSd5mRk?si=KdiuslUDVsZwGIQM>

<https://www.tiktok.com/@playground.es/video/7397174399721295136>

3.- Para acabar, realizar un debate no grupo clase, sobre as *tradwives*, os roles de xénero e a importancia do Feminismo.

#NIN UNHA MENOS



Asamblea de Mulleres STEG

